




<https://garciateijeiro.blogspot.com/2023/11/faiscas-15-urco-unha-historia-reciclada.html>


FAÍSCAS (15) "URCO, UNHA HISTORIA RECICLADA", UN FERMOSO PROXECTO, de Soledad García Riveiro e Ángela Costas



Cando miramos aos ollos dun animal abandonado, vemos máis que tristeza. Vemos esperanza, determinación e o desexo de atopar amor e seguridade de novo. Esta é a esencia de "**Urco, unha historia reciclada**", un libro no que pretendo conducir máis alá das páxinas, para conectar con quen as lee.



A historia de Urco e a miña están entrelazadas polas segundas oportunidades. “Urco, unha historia reciclada” está baseado no caso real do can dos nosos amigos. A obra participou en dous prestixiosos concursos de álbum ilustrado e non tivo sorte, penso eu, porque o seu destino era outro. Unha proba de que, incluso na derrota, hai esperanza. Igual que Urco, eu tamén tiven que loitar moito na vida, aprendendo a xogar a perder.



Ao crear o libro quería ir máis alá e marcar unha diferenza non só coas palabras, senón tamén coas imaxes. **Ángela Costas** é a ilustradora de **Urco**, unha artista que puxo o corazón xunto aos materiais reciclados, mesturou agarimo entre as bolsas de desfeito e as redes de verduras e grampou tapóns ás emocións dos envases de leite e friame. Esta elección foi unha declaración de intencións. Queríamos demostrar que, igual que o lixo se pode transformar en algo bonito e significativo, os animais abandonados tamén merecen unha muda semellante nas súas vidas.

Porén, a mensaxe subxacente en "**Urco**, unha historia reciclada" vai máis alá do papel e das ilustracións. É unha chamada á nosa humanidade compartida, unha invitación para que todas e todos reflexionemos sobre as segundas oportunidades que podemos ofrecer, non só aos animais, senón tamén ás persoas do noso contorno e a nós mesmos. Ao adoptar estamos construíndo unha comunidade máis compasiva da que o amor e a empatía son os piares. Por iso, quero dar as grazas a concelleira de Medio Ambiente, **Nuria Rodríguez**, por difundir este proxecto altruista de máxima concienciación social para que **Urco** chegue a todas as nenas e nenos que cursan segundo de primaria de Vigo, a todas as bibliotecas de Vigo e do Val de Miñor e se difunda na cartelaría dos parques caninos.



O Concello publica o libro "Urco, unha historia reciclada" na imprenta máis antiga de Vigo, Gráficas Ezponda, repartindo un total de 6.000 exemplares. A maquetación correu a cargo da deseñadora gráfica Natalia Guisande. **"Urco" contén actividades para aprender os coidados dos animais, as razas, as emocións e a importancia do microchip, entre outras. Ademais dispón dun código QR para acceder aos cans e gatos en adopción do refuxio municipal de Vigo.**

Despídome aquí expresando o meu máximo agradecemento a **Antonio García Teijeiro pola xenerosidade de visibilizar e explicar este proxecto.** Esta acción destaca a marabillosa persoa que hai detrás do poeta, profesor, escritor, antólogo... E isto crea conciencia, polo que estou profundamente agradecida.

Que sigamos lendo, crescendo e soñando.

Mil grazas mestre Antonio!